

## INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

**CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS DA SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, SA. PARA O PERÍODO 2020-2022, QUE SE SEGUE POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, PREVISTO NO APARTADO 6 DO ARTIGO 159 DA LEI 9/2017, DE 8 DE NOVEMBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.**

### 1.- ANTECEDENTES:

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia é unha sociedade integrada totalmente por capital público das contempladas non artigo 40 b) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Ao ser unha Sociedade está sometida ao Decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, que no seu artigo 263 preceptúa :

1. As contas anuais e, no seu caso, o informe de xestión deberán ser revisados por auditor de contas.

2. Exceptúase desta obrigaón ás sociedades que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, polo menos dous das circunstancias seguintes:

- a) Que o total das partidas do activo non supere os dous millóns oitocentos cincuenta mil euros.
- b) Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os cinco millóns setecentos mil euros.
- c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a cincuenta.

As sociedades perderán esta facultade se deixan de reunir, durante dous exercicios consecutivos, dous das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

Por este motivo SPI-Galicia, S.A. procedea contratar a auditoría por un período de tres anos sen prórroga.

## **2.-OBJECTO DO CONTRATO.**

O obxecto do contrato é a realización da auditoría das Contas Anuais da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA. (en diante SPI GALICIA, S.A), pertencente á Xunta de Galicia, para os exercicios, 2020, 2021 e 2022.

Os servizos contratados deberán axustarse ás disposicións legais vixentes e ás Normas de Auditoría xeralmente aceptadas publicadas polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

O auditor deberá ser responsable de formar e expresar a súa opinión sobre as contas anuais da sociedade formuladas polo Consello de Administración da Sociedade, sendo responsabilidade da Sociedade a preparación das mesmas e do seu contido, o que inclúe o mantemento de rexistros contables e sistemas de control interno adecuados, a elección e aplicación dos principios e normas contables apropiados e a salvagarda dos ativos da sociedade.

A finalidade do exame a realizar, consonte as normas de auditoría xeralmente aceptadas, consistirá na revisión dos mencionados estados financeiros, co obxecto de expresar unha opinión profesional sobre se os mesmos presentan adecuadamente a situación financeiro-patrimonial da Sociedade ao 31 de decembro de 2020, 2021 e 2022, de conformidade cos principios e criterios de contabilidade xeralmente aceptados. Esta tarefa terá que ser realizada por un auditor inscrito no ROAD (Rexistro Oficial de Auditores de Contas).

## **3.-PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN**

Aberto simplificado (art. 159.6 da LCSP).

## **4.- DIVISION POR LOTES**

NON: Non procede a división por lotes, pois a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto de contrato dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico. Ademais dada a natureza do obxecto do contrato, a necesidade da coordinación da execución das diferentes prestacións veríase seriamente imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

## **5.- NECESIDADES A CUBRIR.**

O servizo que se pretende contratar, faise necesario para dar cumprimento ás obrigas legais en materia mercantil esixible a esta Sociedade Anónima de titularidade pública.

## 6.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA E OUTROS REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.

Non se precisa clasificación do contratista. É imprescindible que o auditor estea inscrito no ROAC (Rexistro Oficial de Auditores de Contas) e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia .

## 7.- NOMENCLATURA (CPV)

79212300-6. Servizo de auditoría legal de contas.

## 8.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

30.000 euros (IVE excluído)

## 9.- PARTIDA ORZAMENTARIA

Orzamento do ano 2020 da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA. Partida: Servizos exteriores.

	Anualidade 2020	Anualidade 2021	Anualidade 2022
<b>BASE</b>	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €
<b>IVE (21%)</b>	2.100,00 €	2.100,00 €	2.100,00 €
<b>TOTAL</b>	12.100,00 €	12.100,00 €	12.100,00 €

## 10.- PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS

O prazo máximo do servizo de auditoría iniciase coa sinatura do contrato e finaliza coa entrega dos informes esixibles legalmente correspondentes aos tres exercicios auditados, con ampla marxe dentro dos prazos que se prevén no ordenamento xurídico para o control das contas

## 11.- PAGAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA

A forma de pagamento realizarase por anualidades vencidas, en función da cantidade ofertada para cada anualidade pola empresa adxudicatária.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2020

A técnico economico-financeira

M<sup>a</sup> Esther Souto Lareo



A adxunta ao xefe de Área de Admón e Finanzas

Angela Bouzada Valverde

